



## **BASES DO CONCURSO DE IDEAS, CON INTERVENCIÓN DE XURADO, PARA A SELECCIÓN DUNHA PROPOSTA DE ESPAZO ESCÉNICO DA OBRA EUROZOONE CONVOCADO POLO GRUPO CHÉVERE COA COLABORACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE ARQUITECTOS DE GALICIA.**

### **0.- ANTECEDENTES. PRESENTACIÓN DO CONCURSO**

As relacións entre teatro e arquitectura adoitan limitarse aos edificios que acollen as representacións escénicas. Pero en realidade teatro e arquitectura son disciplinas que comparten problemas conceptuais semellantes e ambas teñen como misión crear un espazo. A colaboración entre profesionais do teatro e da arquitectura tampouco é frecuente, e menos en Galicia. Un tempo de crise económica, recortes en cultura e parálise da actividade construtora como o que estamos vivindo pode ser unha boa oportunidade para abrir un proceso de diálogo entre linguaxes e provocar sinerxias entre profesionais co fin de actuar xuntos e reforzar a actividade creadora.

Como expresión do seu compromiso con este obxectivo, o grupo de teatro Chévere propón que o espazo escénico do novo espectáculo da compañía sexa o resultado dun traballo feito en colaboración entre profesionais do teatro e da arquitectura. Por esta razón solicita a participación do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ao obxecto de convocar este concurso de ideas para o deseño do espazo escénico da obra Eurozoone, segundo as características e premisas que se especifican nestas bases.

Eurozoone é un thriller político sobre o fin da idea de Europa, a historia dun grupo de persoas que coas súas actuacións e decisións poden acabar co estado de benestar e modificar substancialmente o proceso de unificación europea, pero cun tratamento dramático inspirado no cine de Tarantino: un grupo de 8 persoas acaban de cometer o atraco do século en Europa, pero inesperadamente algo sae mal e teñen que dispersarse. Aos poucos, os personaxes van chegando ao espazo de reunión acordado, un lugar de arquitectura espectacular que está abandonado porque ninguén lle atopou un uso.

O teatro de Chévere escapa da tradicional “caixa escénica”. Nos seus traballos o espazo vai xurdindo como resposta ás necesidades xurdidas do proceso de ensaios. Trátase de espazos que se poden transformar durante a obra, que os propios actores e actrices modifican durante a súa actuación. En Eurozoone queremos dar un paso máis alá. Aplicando ao teatro o concepto radical da paisaxe que expresan os earthworks do artista norteamericano Robert Smithson,



poderíamos falar da arte de transformar o territorio escénico en canto terreo real que permite plasmar unha obra artística. Seguindo os conceptos desenvolvidos por Smithson arredor do sitio, o desprazamento e a localización en relación coas obras de arte, desta vez propoñemos pensar o espazo escénico como un “non-lugar”. Un espazo non concebido para ser habitado, impersoal, de tránsito, que remite a outros espazos aínda que non se lle pareza. Unha definición acaída tamén para a denominada arquitectura-espectáculo. Desta concepción do espazo como negación do lugar xurde a relación entre o espazo escénico e a arquitectura-espectáculo que se quere desenvolver neste proxecto. Cuestionarse esta arquitectura deseñada para non ser habitada, senón simplemente contemplada e visitada, como expresión máxima do exercicio do poder, do que temos o exemplo en Galicia da Cidade da Cultura. Cuestionarse este tipo de arquitectura do ilimitado é tamén preguntarse se non estaremos facendo un teatro e unha cultura impersoal, sen relación emocional cos seus usuarios. Unha arquitectura, un teatro e unha cultura pensadas para persoas en tránsito, para turistas da vida.

## 1. OBXECTO

O obxecto do presente concurso é propiciar a concorrencia de ideas co fin de seleccionar a proposta de deseño do espazo escénico da obra “Eurozoone” que mellor se adapte aos contidos e obxectivos expresados por Chévere.

Chévere pon a disposición das persoas participantes a memoria de dirección do proxecto escénico.

O presente concurso de ideas é aberto, anónimo e nunha única fase.

## 2. PARTICIPANTES

O concurso vai dirixido a Arquitectos e estudantes de Arquitectura nos termos indicados a continuación. Poderán participar as persoas físicas ou xurídicas, así como equipos, incluso multidisciplinares. Os estudantes de Arquitectura poderán participar como integrantes dun equipo. No caso de propostas presentadas por persoas xurídicas ou por equipos deberá designarse un Arquitecto como director do proxecto.

## 3. PROPOSTAS

O proxecto debe establecer un diálogo crítico coa arquitectura-espectáculo.

Trátase de deseñar un espazo escénico, non exclusivamente un decorado de fondo.



O espazo no que haberá que intervir e incorporar os elementos proxectados terá unhas medidas máximas de 8 m. de largura (ancho) x 7 m. de fondo x 4 m. de alto.

Todos os elementos deseñados deberán ser facilmente transportables e almacenables, para o que se terá en conta que deberán entrar nun espazo de carga-transporte de 3m. x 3m. x 2m. e cun peso máximo de 300 kg.

Os elementos que compoñan o espazo escénico deberán ser ademais resistentes e facilmente montables e desmontables, tendo en conta que a obra deberá realizar unha xira que implicará a súa montaxe e desmontaxe constante. Como referencia, o tempo de montaxe non deberá superar as 4 horas.

Os elementos deseñados poderán ser instalados sobre superficies tanto de madeira como de cemento e permitir o tránsito e movemento de 8 actores/actrices.

O custe da execución material da construción non debe superar os 5.000 € + IVE.

#### Forma de presentación das propostas e documentación a entregar:

Toda a tramitación do concurso farase telemáticamente. A tal efecto, creouse unha plataforma onde poderá descargarse a documentación relativa ao concurso así como presentar toda a documentación e propostas: <http://www.coag.es/profesion/concursos/chevere/>

Tendo en conta que o concurso é anónimo as propostas deberán presentarse baixo lema non podendo constar ningún tipo de identificación na memoria e documentación gráfica da proposta.

Deberá entregarse:

A) BOLETÍN DE PARTICIPACIÓN E IDENTIFICACIÓN segundo modelo que se facilita aos concursantes.

B) PROPOSTA que deberá ser presentada baixo lema (a memoria e documentación gráfica non deberán conter información ou dato algún que permita identificar a seu autor/es) e que estará integrada por:

a) Unha memoria que conterá:

1. Explicación e descrición da solución proposta, debendo incluír, unha descrición do proceso de montaxe e desmontaxe, de execución/fabricación dos elementos que conforme a montaxe da solución proposta e os seus tempos de execución así como unha estimación económica do custo da execución material.
2. Xustificación do cumprimento dos requisitos expresados anteriormente relativos ás medidas do espazo sobre o que intervir, as dimensións e pesos



máximos dos elementos transportables e almacenables, e o tempo máximo de montaxe.

- b) Descrición gráfica. Achegaranse ata un máximo de 10 imaxes expresivas a xuízo dos autores (formato JPEG cunha resolución mínima de 300 ppp e un tamaño non superior a 10MB) que definan a solución proposta, tales como:

Plantas, seccións, alzados.

Planos de planta (cotas)

Seccións (cotas)

Planos de alzados (tantos como escenas diferentes se queiran representar da obra, se procede)

Detalles construtivos necesarios para a construción do proxecto escénico.

Perspectivas e/ou fotografías (maqueta, render...)

#### 4. PREMIO

Establécese un premio único consistente no encargo do proxecto escénico así como a dirección da execución da montaxe cuns honorarios totais de 1.500 € aos que se lles aplicará o IVE e retencións correspondentes. No prazo máximo de 30 días desde a notificación da resolución do concurso ao gañador procederase ao pago da contía de 1.000 € en concepto de entrega a conta do encargo total e como honorarios do proxecto. Así mesmo, no prazo máximo de 30 días desde que se remate a execución da montaxe pagaránse os 500 € restantes relativos á dirección da execución da montaxe. No obstante, a proposta seleccionada deberá, en caso de ser preciso, ser desenvolvida ao nivel de detalle preciso para súa execución e adaptarse ás necesidades que poidan xurdir durante o proceso de ensaios do espectáculo, a través do diálogo e a colaboración entre as persoas responsables da proposta gañadora e o equipo de dirección da compañía.

Se por calquera circunstancia o proxecto non chegara a executarse extinguiríase o contrato no relativo á dirección da execución da montaxe sen que dea dereito ao gañador ao cobro dos honorarios relativos á dirección da execución.

Así mesmo o xurado poderá outorgar ata dúas mencións especiais.

Non obstante, o concurso poderá ser declarado deserto de forma motivada polo xurado.



## 5. XURADO

A selección da proposta gañadora será realizada por un Xurado integrado por:

Presidente

O director artístico do espectáculo, D. Xesús Ron Pereiro ou persoa en quen delegue

Vogais

Un membro do equipo do grupo Chévere

O Decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ou persoa en quen delegue.

O Presidente da Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia ou persoa en quen delegue.

A elección da proposta gañadora requirirá do voto da maioría dos membros do xurado e en caso de empate será dirimido polo voto de calidade do Presidente.

O Xurado seleccionará de forma motivada a proposta gañadora tomando en consideración como criterios orientativos para súa decisión, entre outros:

- A claridade conceptual e singularidade da solución proposta. Valoraranse as solucións propostas que establezan de maneira máis clara e imaxinativa un diálogo entre o espazo arquitectónico e o espazo teatral.
- A adecuación do proxecto ao contorno estético e dramático do espectáculo descrito na memoria de dirección.
- A facilidade de montaxe-desmontaxe e transporte dos elementos escenográficos segundo a solución técnica proposta.
- A información e descrición técnica sobre o proceso de construción do proxecto que facilite e garanta a súa adecuación ao prazo de execución.
- A capacidade do proxecto para exercer unha reflexión crítica sobre a arquitectura-espectáculo.
- O impacto visual e simbólico dos elementos propostos.
- O potencial do proxecto para estimular a acción escénica e para permitir e facilitar a iluminación das escenas, así como o tráfico e movementos dos actores e actrices.

## 6. CALENDARIO



O calendario do presente concurso de ideas axustarase ás seguintes datas:

1. O prazo de presentación de propostas finalizará o día 12 de novembro ás 14.00 h.
2. A resolución do concurso farase pública antes do día 23 de novembro.
3. O prazo de execución do espazo escénico rematará o 14 de xaneiro.

#### **7. DEREITOS DE PROPIEDAD INTELECTUAL.**

Os dereitos de explotación da proposta gañadora para a representación da obra considéranse cedidos a Chévere.